

## ANÁLISE COMPARATIVA DAS CONSTITUCIÓNS ESPAÑOLAS do sec. XIX

As constitucións recollen os **principios do liberalismo** e establecen as bases do novo sistema político coñecido como Estado Liberal de Dereito<sup>1</sup>.

A **Constitución de Cádiz** (1812) convértese no símbolo liberal por excelencia da historia de España. De feito, reformada como a **Constitución de 1837** asentou o réxime liberal en España fronte ao **Estatuto Real de 1834** que era unha Carta Outorgada exclusivamente real e por iso non pode considerarse unha verdadeira Constitución senón un decreto dun rei absoluto que convoca unhas Cortes organizadas por el.

As diferenzas entre os liberais progresistas e os moderados daranse arredor de dúas opcións:

1. A **soberanía da nación**: fronte á lexitimidade da orixe divina da soberanía real, o liberalismo defende a lexitimidade da orixe humana do poder: a fonte de todo poder é a nación pero esta idea foi entendida de forma diferente: uns (os menos) identificaron a nación co conxunto de individuos que vivían nela e, polo tanto, defenderon que o poder deriva única e exclusivamente da vontade da maioría dos seus habitantes: SOBERANÍA POPULAR. Os máis conservadores e moderados identificaron a nación coas súas institucións históricas (a Coroa e as Cortes); segundo esta idea fálase de SOBERANÍA NACIONAL (a soberanía reside nas Cortes) ou de SOBERANÍA COMPARTIDA entre o rei e as Cortes (o rei e máis as Cortes representan á nación). Deste xeito dise que o rei o é “pola gracia de Deus e da Constitución”.

2. O **dereito ao sufraxio**; podía ser sufraxio universal masculino ou sufraxio censatario. (As mulleres votarán por primeira vez en España, nas eleccións de 1933).

Dentro do liberalismo distínguense tres modelos diferentes de constitucións:

1ª. As **constitucións moderadas ou conservadoras**: 1845 e 1876, que responden ao seguinte esquema básico:

- ◆ Soberanía compartida polo rei e as Cortes
- ◆ O poder executivo recae na Coroa
- ◆ O poder lexislativo é compartido polas Cortes e o Rei
- ◆ Preeminencia do rei sobre as Cortes

---

<sup>1</sup> O liberalismo é a expresión ideolóxica dos intereses das clases burguesas, que son o grupo hexemónico da sociedade do século XIX grazas ao desenvolvemento e expansión da revolución industrial e ao triunfo das revolucións políticas fronte á conxunción monárquico-eclésiástica do Antigo Réxime.

- ◆ Cortes bicamerais cun senado de designación real
- ◆ Poder xudicial nos tribunais
- ◆ Sufraxio censatario masculino moi restrinxido
- ◆ Catolicismo oficial
- ◆ Liberdades persoais moi restrinxidas. Censura

2ª. As **constituicións progresistas** como a de 1837 e a non promulgada de 1856, responden ao seguinte esquema:

- ◆ Soberanía nacional asumida polas Cortes
- ◆ Poder executivo na Coroa
- ◆ Poder lexislativo nas Cortes co Rei
- ◆ Limitación das facultades do rei sobre as Cortes
- ◆ Cortes bicamerais cun Senado de designación real e elección
- ◆ Poder xudicial nos tribunais e creación de xurados
- ◆ Sufraxio censatario amplo
- ◆ Tolerancia de cultos
- ◆ Maior amplitude de liberdades persoais

3ª. As **constituicións democráticas**, como a de 1869 e o proxecto republicano de 1873, baséanse na:

- ◆ Soberanía popular (claramente identificada co pobo)
- ◆ Clara división de poderes
- ◆ Poder executivo na Coroa (no presidente do Goberno na de 1873) pero cun forte control das Cortes.
- ◆ Poder lexislativo nas Cortes
- ◆ Preeminencia do poder lexislativo e fortes limitacións sobre o poder executivo.
- ◆ Cortes bicamerais cun Congreso e Senado libremente elixidos
- ◆ Poder xudicial nos tribunais e creación de xurados
- ◆ Sufraxio universal masculino
- ◆ Liberdade de cultos
- ◆ Amplo catálogo de liberdades persoais

	1812	1837	1845	1856	1869	1873
<b>Soberanía</b>	Popular	Compartida	Compartida	Nacional	Nacional	Nacional
<b>Tipo de sufraxio</b>	Universal	Censatario amplo	Censatario restrinxido	Censatario amplo	Universal	Universal
<b>Dereitos e liberdades</b>	Moi amplos	Amplos	Restrxinxidos	Amplos	Moi amplos	Moi amplos
<b>Relixión</b>	Católica	Tolerancia	Católica	Tolerancia	Liberdade cultos	Liberdade cultos
<b>Papel das Cortes</b>	Preeminencia sobre Coroa	Preeminencia sobre Coroa	Supeditadas á Coroa	Preeminencia sobre Coroa	Preeminencia sobre Coroa	Preeminencia
<b>Papel da Coroa</b>	Supeditada Cortes	Supeditada Cortes	Preeminencia sobre Cortes	Supeditada Cortes	Supeditada Cortes	Supeditada Cortes
<b>División de poderes</b>	Estrita	Non. Coroa e Cortes comparten p. legislativo	Non. Coroa e Cortes comparten p. legislativo	Non. Coroa e Cortes comparten p. legislativo	Estrita	Estrita